

<b>Rama de coñecemento</b>	Tecnolóxica
<b>Prazas ofertadas</b>	40
<b>Créditos ECTS totais</b>	120
<b>Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado</b>	18
<b>Presencialidade</b>	Presencial
<b>Universidades participantes</b>	Universidade de Vigo

## Descrición

O Máster universitario en enxeñaría de minas pola Universidade de Vigo habilita para a profesión regulada de enxeñeiro/a de minas. O mellor xeito de coñecer que formación achega este título académico é aproximarse á profesión de enxeñeiro/a de minas: en que eidos traballa e como desenvolve a súa actividade profesional.

A garantía dunha subministración adecuada de produtos minerais a prezos aceptables á a base indispensable do desenvolvemento dunha nación industrial moderna. A demanda de minerais de todo tipo é maior hoxe que nunca e é función da industria mineira ofertarlle á sociedade os minerais e as materias primas que necesita para cubrir esas necesidades. Por isto a explotación de recursos minerais é e seguirá sendo esencial para a sociedade, dado que os produtos derivados dela son imprescindibles para satisfacer as súas necesidades básicas.

Neste contexto, á persoa titulada en Enxeñaría de Minas compételle a exploración, investigación, explotación, beneficio, elaboración, transformación e utilización dos recursos naturais non renovables na Terra (rochas e minerais, augas subterráneas, augas minerais e termais, petróleo, gas natural) e outros recursos xeolóxicos como o espazo subterráneo, actividades que se levarán a cabo de forma segura, rendible e ambientalmente compatible. Ademais, os seus coñecementos como especialista en arranque e fragmentación mediante o uso de explosivos converten a quen realice o título en persoal técnico adecuado para traballar nas actividades relacionadas co movemento de terras e coa execución e control de obras subterráneas.

Dentro das actividades profesionais propias da Enxeñaría de Minas están tamén o aproveitamento e a transformación de todo tipo de recursos enerxéticos.

A persoa titulada en Enxeñaría de Minas coñece tamén as tecnoloxías propias dos materiais metálicos, cerámicos, polímeros e compostos, desde a obtención ata o uso na industria, así como as técnicas siderometalúrxicas. Tamén é capaz de deseñar o material adecuado a cada aplicación e de subministrarlles ás industrias da construción e aos bens de equipos as materias primas que demandan.

## Perfil de ingreso recomendado

O perfil de ingreso adecuado para o alumnado que vaia comezar os estudos da titulación do Máster universitario en enxeñaría de minas defínese en termos académicos e de aptitudes e actitudes persoais do seguinte xeito:

- Dende o punto de vista da súa formación académica previa, o estudante debe posuír coñecementos e habilidades básicas dunha titulación académica do ámbito tecnolóxico. En particular, o estudantado que estea en posesión dun título de grao universitario vinculado ao exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico de minas cumpre os requisitos de acceso ao título. Para outras titulacións de acceso valorarase o currículo académico do/a estudante.
- O/A estudante debe mostrar interese pola xestión integral e sostible dos recursos naturais renovables e non renovables (busca, avaliación, extracción e transformación destes recursos).

- O/A estudante debe estar disposto e motivado para traballar en equipo e a ser parte activa do proceso ensino-aprendizaxe, con preocupación pola calidade e motivación por lograr os obxectivos.

---

### Saídas profesionais

---

- Xeración, transformación e transporte de enerxía: centrais térmicas e hidráulicas, ciclos combinados, enerxía eólica, solar, xeotérmica...
- Exploración e prospección dos recursos xeolóxicos: combustibles fósiles (carbón, petróleo e gas), rochas e minerais, auga, espazos subterráneos...
- Explosivos, demolicións e obra civil, extracción de materias primas, plantas de tratamento, reciclaxe...
- Metalurxia, materiais tradicionais (aceiros, metais, materiais de construción) e novos materiais
- Xestión do medio

---

### Máis información

---

Coordinadora	Elena Alonso Prieto
Páxina web do mestrado	<a href="http://etseminas.uvigo.es">http://etseminas.uvigo.es</a>
Páxina web do centro	<a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/enxeneiros_minas.html">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/enxeneiros_minas.html</a>
Código RUCT	4314879
Enlace ao RUCT	<a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4314879&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4314879&amp;actual=estudios</a>
Teléfono	986 812 205
Enderezo postal	Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas Campus de Vigo As Lagoas, Marcosende, s/n 36310 Vigo